



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

SERVIZO ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES  
SERVIZOS SOCIAIS

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CESIÓN DA EXPOSICIÓN PARA INTERIORES “NÓS SOMOS ELAS” AO CONCELLO DE CULLEREDO

**Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Á vista da solicitude achegada polo Concello de Culleredo e logo do informe da Sección de Servizos Sociais, de acordo coas Bases para a cesión da exposición “Nós somos elas” en interiores, publicadas no BOP núm. 280 do martes 2 de novembro de 2021.

### RESOLVO:

1. Conceder ao Concello de Culleredo, CIF: P1503100H, a cesión da exposición para interiores “Nós somos elas” dende o 1 ao 15 de marzo de 2023.

2. As condicións e obrigas son as seguintes:

1.- Seguir as directrices para a retirada e devolución da exposición, a informar das datas da exposición e a súa ubicación así como de calquera modificación ou incidencia a través do mail [igualdade@dacoruna.gal](mailto:igualdade@dacoruna.gal).

2.- Asumir o cargo do traslado e transporte da exposición, a vixilancia e seguridade, así como a substituír algún panel en caso de desperfectos coas mesmas características técnicas coas que está producida.

3.- Poderán contratar a maiores actividades complementarias a exposición, a Deputación no aboará ningún dos gastos complementarios relativos a calquera mellora, necesidade ou actividade complementaria.

4.- Colocar en lugar visible o logotipo da Deputación Provincial da Coruña e o de Igualdade no formato dispoñible no apartado de imaxe corporativa na web da Deputación.

5.- Utilizar no conxunto de soportes informativos e de difusión (folletos, carteis, cuñas de audio, programas de man, etc.) a lingua galega, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas, e unha linguaxe con perspectiva de xénero.

6.- As cesións serán intransferibles.

A presente resolución, que pon fin á vía administrativa, é susceptible de recurso de reposición ante esta Deputación no prazo dun mes que se contará desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación da presente resolución, de conformidade co establecido no art. 46 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.